

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DA VEIGA PARA A RECUPERACIÓN DE ESPAZOS DEGRADADOS NA PRAIA DOS FRANCESES

O xerente de Turismo de Galicia

### DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou co Concello da Veiga o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2025.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre Axencia de Turismo de Galicia e o Concello da Veiga para a recuperación de espazos degradados na Praia dos Franceses.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

**Primeiro.-** A Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 dos seus estatutos, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, é a entidade pública instrumental do sector público autonómico de Galicia á que lle corresponde o impulso e execución da política turística da Xunta de Galicia en relación coa promoción da calidade e a innovación, o desenvolvemento, mellora, información e difusión do sector turístico galego, potenciando a devandita oferta, mediante a comercialización, información e difusión do produto turístico da Comunidade Autónoma de Galicia.

Para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.

**Segundo.-** O proxecto de recuperación da praia dos Franceses, no Concello da Veiga, ten como finalidade a creación dun destino turístico que permitirá dotar ao municipio dunha



zona de baño e lecer que complemente o atractivo fundamental da zona, que é o seu patrimonio natural e etnográfico. O obxectivo non é outro que a recuperación do espazo para a mellora de zonas verdes de uso recreativo.

O Concello da Veiga foi obxecto de múltiples actuacións no pasado converténdoo nunha referencia turística en turismo interior e de natureza. Para consolidar o atractivo turístico é necesario ampliar a oferta, cubrindo os meses de verán con actividades atractivas para as familias visitantes polo que dende a Axencia de Turismo de Galicia son fundamentais as actuacións na liña indicada.

Na contorna do encoro de Prada na Veiga existe unha praia que é a principal do municipio que presenta un mal estado de conservación polo que se proxecta a recuperación da zona. A praia dos Franceses está situada na marxe esquerda do río Xares que desemboca no encoro de Prada. O seu particular nome deriva de que eran os retornados galegos os que facían uso dela cando regresaban de vacacións a este municipio turístico.

A praia ofrece un pantalán na que se poden alugar piraguas e elementos para practicar paddle surf, esquí acuático así como embarcacións deportivas.

A intervención que se vai a levar a cabo consiste na recuperación da contorna do encoro de Prada, concretamente na praia dos Franceses, deste modo acondicionárase o espazo e dotárase de duchas e dun posto elevado de socorrismo, elementos dos que carece a zona na actualidade.

Do mesmo xeito proxéctase a dotación de parasoles e a colocación de area na praia para mellorar o seu aspecto.

Os accesos que se propoñen no proxecto son de grixo, separados en todo momento 5 metros da cota máis alta da auga embalsada.

A praia está rodeada por piñeiral por unha parte. Existen dúas zonas con abundante maleza, unha fóra da zona de auga embalsada e outra bordeando un pequeno leito o cal se propón a súa limpeza mediante a retirada da maleza e árbores mortas existentes.



Que a través deste convenio, outórgase ó Concello da Veiga unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

